

---

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

**ARTIGO 1.- FUNDAMENTO**

Ó abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade así mesmo co establecido nos artigos 15 e seguintes, e 92 e seguintes do R.D.Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, régúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

**ARTIGO 2.- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE**

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non se cause baixa neles. Ós efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non está suxeitos a este imposto:
  - a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antiguidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con motivo de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.
  - b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cando a carga útil dos mesmos non sexa superior a 750 kilos.

**ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.

**ARTIGO 4.- EXENCIÓNS**

Están exentos deste imposto todos aqueles vehículos a que se refire o artigo 93 do R.D.Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Para poder acollerse á exención prevista no apartado e) do devandito artigo, os interesados deberán presentar unha solicitude dirixida ó Concello, á que acompañarán os seguintes documentos:

- permiso de circulación do vehículo
- certificado de características do vehículo (no caso de vehículos para persoas con mobilidade reducida) ou declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- carné de conducir
- fotocopia do DNI
- declaración administrativa de minusvalía expedida polo organismo competente

ARTIGO 5.- TARIFAS

As tarifas do imposto, conforme ó establecido no artigo 95 do R.D.Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, són as seguintes:.

Potencia e clase de vehículo	Cuota - Euros
A) Turismos:	
De menos de oito caballos fiscales	13,12
De 8 hasta 11,99 caballos fiscales	35,44
De 12 hasta 15,99 caballos fiscales	74,82
De 16 hasta 19,99 caballos fiscales	93,19
De 20 caballos fiscales en adelante	116,48
B) Autobuses:	
De menos de 21 plazas	86,63
De 21 a 50 plazas	123,39
De más de 50 plazas	154,23
C) Camiones:	
De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	43,97
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	86,63
De más de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	123,39
De más de 9.999 kilogramos de carga útil	154,23
D) Tractores:	
De menos de 16 caballos fiscales	18,38
De 16 a 25 caballos fiscales	28,88
De más de 25 caballos fiscales	86,63
E) Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1.000 y más de 750 kilogramos de carga útil	18,38
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	28,88
De más de 2.999 kilogramos de carga útil	86,63
F) Vehículos:	
Ciclomotores	4,59
Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos	4,60
Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos	7,87
Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos	15,76
Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos	31,50

Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos	63,00
--	-------

#### ARTIGO 6.- PERÍODO IMPOSITIVO

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso da primeira adquisición do vehículo. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza a adquisición.
2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo
3. Nos casos de baixa definitiva ou baixa temporal por sustracción ou roubo do vehículo, prorratearase a cota por trimestres naturais.
4. Cando a baixa teña lugar despois do ingreso da cota anual, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución do importe que por aplicación do prorrateo citado lle corresponda.

#### ARTIGO 7.- RÉXIME DE DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN

1. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura provincial de Tráfico a reforma deles, sempre que altere a súa clasificación ós efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura o pago do último recibo presentando ó cobro do imposto, sen perxuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pagamento de tódalas débedas por dito concepto liquidadas.
2. A xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde ó Concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.
3. As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do rexistro público de Tráfico e na comunicación da Xefatura de Tráfico relativa a altas, baixas, cambios de domicilio e transferencias que reciba o Concello.

#### ARTIGO 8.- INGRESOS

1. No caso das primeiras adquisicións, o interesado, provisto da declaración-liquidación, poderá ingresar o importe da cota do imposto resultante da mesma na oficina municipal xestora ou nunha entidade bancaria colaboradora. En todo caso, con carácter previo á matriculación do vehículo, a oficina xestora verificará que o pago se fixera na contía correcta e deixará constancia da verificación no impreso de declaración.
2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase no período de cobro que fixe o Concello, anunciándose por medio de edictos publicados no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.
3. O padrón ou matrícula do imposto, unha vez aprobado polo órgano municipal competente, será exposto o público por un prazo de vinte días para que os interesados lexítimos podan examinalo, e no seu caso, formular as reclamacións ou alegacións oportunas que serán resoltas polo mesmo órgano que aprobe o padrón. A exposición o público será anunciada no BOP e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL:

As modificacións que puideran introducirse pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste Imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO  
SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

---

**DISPOSICIÓN FINAL:**

A presente modificación da Ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de Xaneiro do 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

- Aprobado Inicialmente Pleno: 04/12/07
- Aprobado Definitivamente: 21/01/08